



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA MARTES 31 DE OUTUBRO DE 2023.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 475/2023, do 6 de xullo,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: martes 31 de outubro de 2023.
- ➔ Hora: 09:00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 17 DE OUTUBRO DE 2023.
2. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE "INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA A OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO DE PADRÓN", EXPTE. NÚM. 20/2023-SER-CM, FINANCIADO COA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DP0029 PARA O FINANCIAMENTO DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O ANO 2023.
3. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN PARA "ARRENDAMENTO DE TRES CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2024", EXPTE. 19/2023-SUB-CM.
4. DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE SEGREGACIÓN DE PARCELA DESTINADA A CESIÓN A VIAIS NO LUGAR DE CAMBELAS, CON REFERENCIA CATASTRAL 8249514NH2384N0001WH, EXPEDIENTE 2018/U022/000022
5. LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL ACAROADADA DESTINADA A ALMACÉN DE PEDRA EN PARCELA 46 DO POLÍGONO EMPRESARIAL DE PAZOS, EXPEDIENTE 2022/U022/000019
6. COMUNICACIÓN DE CAMBIO EN DENOMINACIÓN SOCIAL DE MERCANTIL TITULAR DE LICENZAS DE ACTIVIDADE DE SERVIZOS FUNERARIOS E TANATORIO SITA NO LUGAR DE IRIA FLAVIA Nº 132, EXPEDIENTE 2023/U019/000042
7. CORRECCIÓN DE ERROS EN ACORDO DE OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DE PARCELA SITA NO LUGAR DE ROUCÓN, IRIA FLAVIA, EXPEDIENTE 2021/U018/000001
8. LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL ACAROADADA DESTINADA Á XESTIÓN DE RESIDUOS EN PARCELA 68 DO POLÍGONO EMPRESARIAL DE PAZOS, EXPEDIENTE 2023/U022/000008.
9. AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL. EXPEDIENTE SIUSS 1964
10. AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL. EXPEDIENTE SIUSS 2474
11. AXUDA INSERCIÓN SOCIAL PARA ESCOLARIZACIÓN. EXPEDIENTE SIUSS 2400
12. AXUDA INSERCIÓN SOCIAL PARA ESCOLARIZACIÓN. EXPEDIENTE SIUSS 2464
13. AXUDA INSERCIÓN SOCIAL PARA ESCOLARIZACIÓN. EXPEDIENTE SIUSS 2914

14. INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE DESPRAZAMENTOS DA TRABALLADORA SOCIAL ELENA MATILLA VAZQUEZ

15. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM.2 E FINAL "PAVIMENTACION EN CAMBELAS E OUTRO", POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. NÚM. 26/2022-OB-PASA, INCLUÍDA NO POS+ 2019, PAI. 2022/C003/000008.

16. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN- CONTRATO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DO COUTO A ARRETÉN (PADRÓN)" POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. 07/2022-OB-PASA. INCLUÍDO NO POS+ 2021.

17. DEVOLUCION DE GARANTÍA DEFINITIVA PARA RESPONDER DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMIENTO EN CAMIÑO MUNICIPAL E FINCA DE PROPIEDAD PRIVADA DE LIÑA DE MEDIA TENSIÓN AÉREA (LMTA)" TERRAS DO SAR S.L.U.

18. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS

19. LIQUIDACIÓN DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON POSTO DE VENTA POR MARÍA MOREIRA COUSO.

20. ORDENACIÓN DE PAGOS Nº 21/2023

21. APROBACIÓN BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL NO CONCELLO DE PADRÓN NO ANO 2023 NADAL NA RÚA

22. XXII PREMIO DE INTERPRETACIÓN TEATRAL MARUXA VILLANUEVA ANO 2023

23. ROGOS E PREGUNTAS

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) todos os asuntos incluídos na orde do día, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca